

JACKIE

[Pablo Larraín, 2016]

202

ESTREA EN NUMAX: 17.02.2017 | V.O.S.E. | +12

Jackie (2016, 100')

Dirección: Pablo Larraín

Guión: Noah Oppenheim

Elenco: Natalie Portman, Peter Sarsgaard, Greta Gerwig, Max Casella, Beth Grant, Julie Judd, Sara Verhagen, Sunnie Pelant

Vestuario: Madeline Fontaine

Son: David Miranda-Hardy

Montaxe: Sebastián Sepúlveda

Música: Mica Levi

Fotografía: Stéphane Fontaine

Produtora: Jackie Productions, Wild Bunch, LD Entertainment, Protozoa Pictures (Estados Unidos), Fabula (Chile), Why Not Productions (Francia)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés, Español

FILMOGRAFÍA

Neruda, 2016

El Club, 2015

No, 2012

Prófugos, 2011

Post Mortem, 2010

Tony Manero, 2008

Fuga, 2006

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar, 2016 (nomeada a mellor actriz—Natalie Portman—, banda sonora e vestuario), Globos de Ouro 2016 (nomeada a mellor actriz—Natalie Portman—), Venecia 2016 (mellor guión—Noah Oppenheim), Gotham 2016 (nomeada a mellor actriz—Natalie Portman—)

SINOPSE

Biopic que narra os días posteriores ao asasinato do presidente de EEUU, John F. Kennedy, o 22 de novembro de 1963. Amosa o impacto que causou o trágico suceso na súa muller, Jackie, así como as repercusións públicas e privadas que tivo na súa vida. O resultado será un retrato da que fora Primeira Dama, sen deixar de lado ningunha das súas facetas, prestando especial atención á súa parte máis humana.

«Observar cada movemento de Portman non é só ver a historia recreada senón tamén ser testemuña da historia que se está a crear. Ninguén ha ser quen de tocar este personaxe de novo»

Barry Hertz. THE GLOBE AND MAIL



JACKIE

[Pablo Larraín, 2016]

«Hai pouca xente cun sentido da política tan potente como Jackie Kennedy»

Entrevista a Pablo Larraín

Por José Teodoro

Por que tiña que ser Portman? Polo seu misterio. Séntala diante da cámara, vístela como precisas vestila, fas que mire como ten que mirar, pídeslle que describa o que sente e o que está pensando e aínda te preguntará que está pasando. Ese é o seu misterio. É un recurso no cinema. Nunca sabes todas as respostas. Se é así o xogo remata.

Desde o inicio de Jackie, impacta como enmarcas as tomas opostas entre ela e o xornalista, case frontais, confrontadas. Rodamos esa secuencia con dúas cámaras. Puxémolas xuntas, case tocándose, enfrontándoas cara direccións contrarias, un cámara en cada lado, os actores mirando ao obxectivo. Tiña que ser super-frontal. Non te podes esconder. Pensei que sería máis interesante expoñer os personaxes do xeito máis inmediato posíbel, arriscalo todo. Gravamos esas secuencias ao final, así que Natalie estaba totalmente absorbida por Jackie. Tiña todo o control.

A sensación é diferente, claro, cando chegamos á coda de Jackie. Que é bastante hipnótica. Non che sabería dicir se esa secuencia dura cinco ou dez minutos. Son sete minutos e corenta segundos.

Neses sete minutos e corenta segundos parece que a túa heroína acada unha especie de estado de graza no seu dó. Logras facer un retrato puro. O que inevitabelmente me fai pensar en Warhol. Sabes que Warhol estaba traballando niso cando morreu? Se lembro ben, estaba traballando en Jackie Kennedy co veo. Pero non é iso no que estaba pensando. Sinto que cheguei a un momento de iluminación. Sentín que o filme ía cara a absoluta escuridade e precisaba un momento luminoso. Nin sequera é esperanza. É unha muller consciente do momento que está pasando, do terror, e está preparada para vivilo plenamente.

Se cadra o que noto é o conflito entre a dor persoal, interna, e a dor pública

que está obrigada a representar. Ese momento de graza é o momento no que a dor persoal e a pública atopan un camiño para convivir. Si. O ego público e o privado veñen dar a un punto onde se fan un só. É quizais tamén cousa de darte conta de que estás en perigo e chegar ao lugar onde aprendes a vivir con iso.

En Neruda, o personaxe protagonista é retratado de xeito bastante irreverente... Non construímos monumentos, home.

...mentres que Jackie é respectuoso co personaxe principal e coa situación especial na que se atopa. Ah. Xa. É interesante o que dis, pero eu véxoo diferente. Decátaste de que nos meus filmes anteriores trato con personaxes masculinos. Nesta teño que abordar unha muller, e non só iso, senón que é Jackie Kennedy! Unha ex primeira dama! Tiven que atopar un camiño diferente. Precisaba unha nova forma de mirala. Non son americano. Nunca tería o patriotismo americano. Só son patriótico co meu país, a miña xente.

Iso fai que non te inclines a diseccionar a imaxe de Jackie? Non trato de illarme da política porque non creo que sexa posíbel. Só direi que a mirei a través dunha lente de amor e compaixón. Tiña a idea de Jackie Kennedy como unha raíña americana. Era inocente. Despois atopei o Tour da Casa Branca que fixo Jackie no 1961. Non podía crer o que vía. Cando entrou na Casa Branca fixo unha restauración pola que foi moi criticada. A xente dixo que a fixera con diñeiro público, o que non era verdade. Que só tivera en conta o seu propio gusto, o cal era en parte certo. Contratou un equipo que percorreu os Estados Unidos para traer mobles que tiveran estado na Casa Branca. Quería protexer o legado do edificio. JFK suxeriu facer un programa de televisión para amosar á xente o que fixo e por que. Tiña a idea dunha muller superficial máis preocupada polos tecidos e pola moda, pero nese programa atopei a muller que captou a miña imaxinación. Estaba emocionado polo xeito no que trataba de expresarse e de rir. Descubrí que escribira o guión, que todo o que dicía era coas súas palabras. Vin as notas da súa entrevista con Arthur Schlesinger e comecei a ver o política que era. Creme, se algo fixen na miña vida foi analizar a xente da política e hai pouca cun sentido da política tan potente.

NA LIBRARÍA NUMAX

Jackie OST, Mica Levi [CD] e [LP]

La muerte y la doncella I-V, Elfriede Jelinek. Pre-textos, 2008

Jackie : les images d'une vie, Pierre-Henri Verlhac e Yann-Brice Dherbier. Yb Editions, 2004

A Thousand Days of Magic: Dressing Jacqueline Kennedy for the White House, Oleg Cassini. Rizzoli, 2015

El Club, Pablo Larraín. Cameo [DVD]

Neruda, Pablo Larraín. Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Publicado en www.filmcomment.com
Tradución: Olalla Cociña


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME